

## **Real Decreto 223/2008**

### **Inspeccións das liñas eléctricas que non sexan propiedade das empresas de transporte e distribución de enerxía eléctrica.**

Todas as liñas deben ser obxecto dunha inspección periódica, ao menos cada tres anos.

Liñas de tensión nominal  $\leq 30$  kV

A inspección periódica pódese substituír por unha verificación periódica.

Liñas de tensión nominal  $> 30$  kV

Deberán ter unha inspección inicial antes da súa posta en servizo.

As inspeccións destas liñas eléctricas deber ser feitas por Organismos de Control

### **Inspección inicial**

Comprobarase que os ensaios a realizar pola empresa instaladora na verificación previa, execútanse correctamente e que o resultado é satisfactorio. Comprobarase que existe coincidencia entre a realidade e o proxecto.

### **Inspección periódica**

Para liñas eléctricas con condutores illados con pantalla, faranse, ao menos, os ensaios de comprobación do illamento principal e da cuberta.

Nas liñas aéreas e nas soterradas con cables illados instalados en galerías visitables, realizaranse, ademais, ensaios de medida da resistencia do circuíto de posta a terra e, no caso de que corresponda, a medida das tensións de contacto.